


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

19-20 de xuño do 2021

## XII DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 4 Amigos nas penas*

#### *Celebrante*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir a nosa fe en comunidade. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Que fácil é dicir “non teñas medo”, pero, cando se ten, que difícil é superalo.

Por medo péchanse as portas aos refuxiados, por medo moitas mulleres sofren violencia de xénero, por medo cálanse inxustizas, por medo mírase para outro lado, por medo non se acepta a quen pensa, vive ou cre diferente.

E cando temos medo sabemos da necesidade de alguén a nosa beira para facerlle fronte. Nestas andan os discípulos, e non dubidan en acudir a Xesús. Con el o medo convértese en superación, en ocasión para deixar atrás os atrancos.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante** *Con Xesús da nosa parte, atrevémonos a pedir perdón, confiámonos á misericordia do Deus que perdoa. Achegámonos a El porque non nos dá medo achegarnos ao Pai. Pómonos nas súas mans para deixarnos perdoar*

### **Monitor/a**

➤ Porque o medo nos bota para atrás, e nos enche de desconfianzas á hora de crer. Señor téndenos a túa man

➤ Porque o medo nos alonxa dos demais, e nos fai desconfiados á hora de compartir. Cristo téndenos a túa man

➤ Porque o medo nos enche de covardías, nos leva a mirar para outro lado conformándonos e deixándonos levar. Señor téndenos a túa man

**Celebrante** *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, e dos que viven cheos de medos. A todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Hoxe rezamos cos parados que con medo miran os baleiros das súas casas, rezamos cos refuxiados que con medo se senten desprezados e rexeitados, rezamos cos pobos de Siria e Palestina que con medo vense moi lonxe de compartir en paz, e rezamos con todas as mulleres que con medo se ven lonxe da xustiza e a IGUALDADE.*

*(silenzio)*

### **Celebrante**

Deus, noso Pai, ti non abandonas nunca aos que fundaches sobre a pedra firme da túa caridade. Concédenos vivir sempre facendo realidade o amor que téis con nós, e dános o auxilio da túa graza pois contigo a nada tememos. Pedímoscho a Ti, que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Monitor/a:** *Escoitar con medo non é escoitar. A Palabra de Deus é vida cando a acollemos, cando deixamos que sexa en nós semente, cando con ela medramos vencendo os nosos propios medos. Como discípulos deixemos que a Palabra de Deus nos alente.*

## LECTURA DA SEGUNDA CARTA DE PAULO AOS CORINTIOS

Irmáns e irmás:

É o amor de Cristo o que nos preme, cando pensamos que, ao morrer un por todos, morreron todos; el morreu por todos, a fin de que os que viven xa non vivan para si, senón para o que morreu e resucitou por eles.

Por iso, nós xa non prezamos a ninguén conforme a criterios mundanos; aínda que teñamos coñecido a Cristo conforme a eses criterios, agora xa non o coñecemos así. Polo tanto, quen estea en Cristo, é unha criatura nova: o que era vello, pasou. Vedes? Hai unha realidade nova.

### Palabra do Señor

♪ 41 *Quen nos vai separar de Ti?* SALMO

(en pé) Leccionario II B páx 206 Mc 4, 35-41 EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela, á caída da noite, dilles Xesús aos seus discípulos:

- Ora, vamos para a banda de alá.

Eles, deixando a xente, levárono no bote onde estaba sentado; e ían seguidos por outras barcas.

Entón formouse tal turbillón de vento que os salseiros caían enriba do bote e enchíano de auga. El, entrementres, estaba na popa durmindo sobre un cabezal. Fórono espertar, berrándolle:

- Mestre, seica non che importa que afogemos?

Entón el, espertando, increpou ao vento, e díxolle ao mar: -¡Silencio, e acouga!

O vento amainou, e veu unha gran calma.

Despois díxolles:


- Por que tendes tanto medo? Seica aínda non tendes fe?

Eles, cheos dun medo enorme, comentaban entre si:

- Pero, quen será este, que mesmo o vento e o mar o obedecen?

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



(en pé)

## PROFESIÓN DA FE

**Celebrante:** Neste encontro parroquial no que renovamos os nosos compromisos con Xesús, queremos contar con El á nosa beira para superar os medos e facer vivo o evanxeo no que cremos. Dicimos

♪ **Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

### *Monitor/a*

Crede en Deus Pai,  
creador do ceo e máis da terra,  
e que nos quere á súa imaxe e semellanza  
dando unha man a quen está pasando medo?

**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Crede en Xesús,  
o seu fillo benquerido,  
que viviu nesta terra dando unha man  
para amosarnos que así damos vida ao evanxeo?

**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Crede no Espírito Santo,  
na Igrexa, na comunión dos santos,  
no perdón e na vida eterna máis alá da morte  
con todos os preferidos de Deus?

**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** Oremos a Deus Pai, e como comunidade poñamos nas súas mans os nosos mellores froitos para esta sociedade na que vivimos.

Oremos dicindo **Pai, axúdanos a superar os medos**

### *Monitor/a*

✓ Pai, estamos sementando a igrexa que construímos entre todos, pero temos medo e moitas veces quedámonos na rutina de sempre, por iso dicimos con fe

✓ Pai, estamos compartindo en comunidade, pero aínda hai moitos refuxiados que viven rexeitados e se sinten sós, por iso dicimos con fe

✓ Pai, non esquecemos, e estamos doídos co sucedido coas nenas de Tenerife. Que os medos non nos leven a mirar para outro lado, por iso dicimos con fe

✓ Pai, estamos dando froitos nos camiños da igualdade, pero aínda hai demasiadas mulleres cheas de medos, por iso dicimos con fe

✓ Pai, imos facendo camiños de solidariedade, pero aínda somos demasiados desconfiados e pouco tolerantes, por iso dicimos con fe

**Celebrante:** Deus Pai, escoita as nosas pregarías, e énchenos do alento que leva a Xesús a dar unha man a quen vive con medo. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

### 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

#### NOSO PAI

**Celebrante:** *Fiándonos dos consellos de Xesús, querendo ser testemuñas da súa vida imos rezar sen medo porque lle rezamos a un PAI. Coa confianza de fillos e fillas facemos nosas as palabras de Xesús:*

*NOSO PAI ...*

#### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *As nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de ser coherentes con Xesús no que dicimos e no que facemos. A vida non se fai con medo, faise con respecto, con tolerancia, e faise con todas as mans atrevidas para que outras non teñan medo. Fagámolo.*

#### COMUÑÓN

**Celebrante:** *A mesa da Fe é anticipo da mesa do Reino; participar nela é comprometer a vida en construír un mundo que supera medos, sementa tolerancia e soña con froitos de igualdade e fraternidade.*

*Ditosos todos nós, convidados a este pan do Señor. Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*

*♪ n° 43 Non vou só ou n° 58 Acharte presente*

### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

#### ORACIÓN FINAL

#### *Celebrante*

Señor, por este pan da vida que acabamos de compartir realizas a unidade desta comunidade e de Os Cotos.

Fai que a túa luz nos guíe polo camiño do ben, vencendo os medos, asumindo responsablemente as nosas decisións e aceptando as dos demais.

Pedímolo por Cristo noso Señor. Amén.

*Con Xesús, cremos que vale a pena facer evanxeo sen medo a dar unha man a quen a necesite.*

*Con Xesús queremos facernos cribles e sen medo a ser semente dun mundo máis respectuoso coa natureza.*

*Con Xesús queremos lembrarnos dos veciños da parroquia que non están, queremos lembrar a quen está sufrindo nesta pandemia, queremos lembrar as terras de Palestina e Siria e a súa paz ausente, e queremos lembrar a esa nai de Tenerife e a todas as mulleres que se ven lonxe da xustiza.*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

*Avísase das misas (ver folla do mes).*



“Moito máis que unhas simples sementes”

*Palabras de Xesús no evanxeo da semana pasada*



“Non teñamos medo a ser sementes,  
e no mundo teremos menos medos”

*Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe*